


NOME CIENTÍFICO

Cordyline australis

Descrición:

É unha planta endémica de Nova Zelandia. Pode crecer ata 20 metros de alto e acadar unha anchura de tronco de ata 1 metro.



47

As súas flores pequenas, de 5-6 mm, non aparecen ata que a planta chega aos sete anos de idade.

Familia: Asparagaceae

Orixe: Nova Zelandia

Nome común: Cordiline ou “Ti Kouka” en maorí



48



50



49

As súas follas son longas e estreitas polo que se di que teñen forma de espada.

O froito é unha baia globosa de 5 a 7 mm de diámetro.

Cordyline australis

Hábitat

Crese que os Cordilines que aparecen en Nova Zelandia serían os descendentes de antigas plantas de clima tropical de hai uns 15 millóns de anos que colonizaron os territorios que hoxe constitúen a illa de Nova Zelandia.

Hai unha enorme variedade de especies que se relacionan con Cordines e que dependen dela ben como alimento, como substrato (outras plantas epífitas), etc.

Usos ou propiedades

Antigamente, os indíxenas australianos, os maorís, tiñan unha gran variedade de usos para esta especie, moitos dos cales se perderon como consecuencia do abandono da súa forma de vida tradicional producida pola chegada dos colonizadores europeos. Entre este usos destacan o alimentario (talos e raíces eran cociñados en fornos improvisados en buracos no chan), como condimento para outro alimentos, etc.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Se ben se trata dunha especie amplamente distribuída e sen perigo na súa conservación, observouse nos últimos anos un declive das súas poboacións con gran cantidade de individuos enfermos. Propuxéronse diversas hipóteses que explicasen o feito (incremento da radiación ultravioleta, problemas xenéticos, virus, fungos, etc) ata que se descubriu que a causa era unha bacteria que utilizaba como vector de transmisión a unha bolboreta introducida dende Europa.